

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

ORDE do 28 de maio de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa de incentivos á contratación das persoas traballadoras, cofinanciado polo Fondo Social Europeo, e se procede á súa convocatoria para o ano 2013.

Un dos principios reitores da política de emprego é o reforzo do consenso entre a Administración e os axentes sociais no deseño e aplicación das políticas activas de emprego. Así, o 25 de xaneiro de 2012 asinouse o acordo sobre actuacións en materia de emprego que dá continuidade aos acordos xa acadados anteriormente no seo do diálogo social, e que ten por obxecto pór en marcha medidas innovadoras en materia de emprego e modificar o acordo sobre fomento da empregabilidade, da contratación e da estabilidade para intentar dar resposta á negativa situación do mercado laboral dos incentivos á contratación das persoas desempregadas coa finalidade de favorecer o emprego e facilitar a inserción laboral dos traballadores e das traballadoras desempregados e, en especial, a daqueles colectivos con maiores dificultades.

O acordo aséntase sobre dous piares: deseño de dous programas que combinan formación, emprego e actuacións de orientación laboral destinadas aos colectivos máis afectados pola crise: mozos e mozas sen cualificación, persoas desempregadas de longa duración, persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego, perceptoras de Risga ou persoas desempregadas de 45 ou máis anos de idade, e a modificación dos programas de fomento da contratación que só beneficiarán as persoas desempregadas participantes activas nalgún dos programas de fomento da empregabilidade e as entidades colaboradoras coa Administración.

Co obxectivo de vincular todas as políticas activas de emprego e a implicación real do tecido empresarial na recuperación do mercado laboral, establécese a obrigatoriedade da participación activa nos programas de fomento da empregabilidade por parte das persoas desempregadas e a colaboración activa das diferentes empresas galegas coa Administración, isto supón a modificación dos programas de incentivos á contratación que só beneficiarán as persoas desempregadas participantes activas nos programas de fomento da empregabilidade e as entidades colaboradoras coa Administración.

Nesta orde continúaase cunha estrutura de incentivos ligada ao fomento das contratacións indefinidas iniciais realizadas especialmente cos colectivos de desempregados que teñen dificultades para acceder ao mercado laboral e co mantemento do emprego de carácter estable mediante incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos dos cales se beneficiarán exclusivamente as microempresas.



Delimítanse claramente os supostos en que se incentivan as contratacións laborais temporais, limitándose aos contratos de inserción laboral para colectivos en risco de exclusión social e aos contratos de interinidade para favorecer a conciliación da vida profesional e familiar.

Os programas desta orde están cofinanciados polo Fondo Social Europeo (en diante FSE), nunha porcentaxe do 80 por cento, a través do programa operativo do FSE de Galicia 2007-2013, número CCI 2007 ES 051 PO 004, aprobado pola Decisión da Comisión Europea do 18 de decembro de 2007. Este cofinanciamento farase constar nas resolucións de concesión. Así mesmo, estas axudas quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) nº 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado (CE) ás axudas *de minimis*.

As bases que rexen os programas regulados nesta orde establecen un procedemento de concesión que non ten a consideración de concorrencia competitiva, dado que de acordo coa finalidade e obxecto do programa non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento, senón que a concesión das axudas se realiza pola comprobación da concorrencia no solicitante dos requisitos establecidos ata o esgotamento do crédito orzamentario.

De acordo co disposto no Decreto 227/2012, do 2 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, no Decreto 235/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, e no Decreto 42/2013, do 21 de febreiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Traballo e Benestar, correspóndelle a esta o exercicio das competencias e funcións relativas á xestión das políticas activas de emprego.

Consecuentemente con todo o anterior, consultado o Consello Galego de Relacións Laborais, logo do informe da Asesoría Xurídica, da Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos, da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Intervención Delegada, e no exercicio das facultades que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

Ámbito e réxime das axudas

Artigo 1. *Obxecto, finalidade e principios de xestión*

1. Esta orde ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria para o ano 2013 dos programas de incentivos á contratación por conta allea que teñen por



finalidade favorecer o emprego estable e facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas traballadoras con maiores dificultades de inserción laboral, en especial as persoas novas sen cualificación profesional, as persoas desempregadas de longa duración, as persoas desempregadas de 45 ou máis anos de idade e as persoas que esgotasen as prestacións por desemprego, a través dos seguintes programas:

I. Programa de incentivos á contratación indefinida inicial. Programa Conii (anexo I).

II. Programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos. Programa Estabiliza (anexo II).

III. Programa de incentivos á contratación temporal de colectivos en risco de exclusión social. Programa Inserta (anexo III).

2. As solicitudes, tramitación e concesión das subvencións axustaranse ao disposto na Lei 9/2007, do 13 xuño, de subvencións de Galicia; no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; no texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro; na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013, no que resulte de aplicación a Lei 38/2003, do 27 de novembro, xeral de subvencións, e o seu regulamento de desenvolvemento aprobado polo Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e ao disposto nesta orde.

3. A xestión destes programas realizarase de acordo cos seguintes principios:

- a) Publicidade, concorrencia, obxectividade, transparencia, igualdade e non discriminación.
- b) Eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados pola Consellería de Traballo e Benestar.
- c) Eficiencia na asignación e na utilización dos recursos públicos.

Artigo 2. *Definicións*

Para os efectos desta orde, entenderase:

1. Persoa desempregada: aquela que estea inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego no momento da súa contratación e que, pola súa vez, careza de ocupación segundo o informe de vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social.



A comprobación da inscrición no Servizo Público de Emprego como demandante de emprego na data de solicitude de alta na Seguridade Social realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

O órgano xestor comprobará directamente que a persoa traballadora pola que se solicita subvención carece de ocupación segundo o informe da vida laboral da Tesouraría Xeral da Seguridade Social na data da súa alta no réxime xeral da Seguridade Social.

2. Colectivos en situación de risco de exclusión social:

- Persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, aquelas que non poidan acceder a ela, ben por falta do período exixido de residencia ou empadramento, ou ben por ter esgotado o período máximo de percepción legalmente establecido, e os membros da súa unidade familiar que estean en situación de desemprego.

- Persoas que participen ou participasen en procesos de rehabilitación ou reinserción social de drogodependentes debidamente acreditados ou autorizados.

- Persoas internas de centros penitenciarios cuxa situación penitenciaria lles permita acceder a un emprego, así como liberados ou liberadas condicionais ou ex-reclusos ou ex-reclusas que non tivesen antes un emprego fixo remunerado tras un período de privación de liberdade.

- Mulleres procedentes de casas de acollida que presenten problemas adicionais de inserción ou reinserción laboral.

- Persoas que abandonasen o exercicio da prostitución e se incorporen ao mercado laboral.

- Persoas transexuais ou en proceso de reasignación sexual.

- Persoas menores de idade internas incluídas no ámbito de aplicación da Lei orgánica 5/2000, do 12 de xaneiro, reguladora da responsabilidade penal dos menores, cuxa situación lles permita acceder a un emprego, así como as persoas que estean en situación de liberdade vixiada e os ex-reclusos e ex-reclusas.

- Persoas que estean ou estivesen ata a súa maioría de idade baixo a tutela ou garda da Administración autonómica.



- Persoas inmigrantes que pasen a ser residentes da Comunidade Autónoma, cuxas características condicionen a súa integración social.

- Persoas emigrantes retornadas con graves necesidades persoais ou familiares.

- Persoas que formen parte de colectivos ou minorías cuxas características poidan condicionar as súas posibilidades de integración social.

- Persoas vítimas de violencia de xénero.

3. Persoa desempregada de longa duración: aquela que na data da súa alta no correspondente réxime de Seguridade Social estea sen traballo e acredite un período de inscrición ininterrompido como persoa desempregada na oficina de emprego de 180 días, se son menores de 25 anos ou de 45 ou máis anos de idade, ou de 360 días, se teñen 25 anos ou máis e son menores de 45 anos.

4. Persoa desempregada que esgotase as prestacións por desemprego: aquela que extinguiuse por esgotamento a prestación por desemprego de nivel contributivo ou calquera outra prestación non contributiva facilitada desde o Servizo Público de Emprego. No caso de que non tivese dereito á percepción da prestación por desemprego de nivel contributivo, que esgotase o subsidio de desemprego e, en ambos os dous casos, non desempeñase ningún traballo, nin por conta allea nin propia, desde a data de esgotamento.

5. Persoa nova desempregada sen cualificación: aquela persoa que tendo 30 ou menos anos de idade non estea en posesión dun título profesional que a habilite para formalizar un contrato en prácticas segundo o artigo 11.1 do Estatuto dos traballadores.

6. Microempresa: a empresa en que a media aritmética do seu cadro de persoal, no ámbito territorial de Galicia nos doce meses anteriores á realización da contratación obxecto de subvención, sexa inferior a 10 e cuxo volume de negocios anual non supere os 2 millóns de euros. O cálculo do número de persoas traballadoras do período de referencia será o cociente que resulte de dividir o número total de horas traballadas nos 12 meses anteriores polo número de horas anuais dunha persoa traballadora a tempo completo establecido no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

7. Custo salarial: importe mensual que lle vai supoñer á empresa ter unha persoa traballadora contratada. Nel están incluídos única e exclusivamente o salario bruto e os custos sociais a cargo da empresa.



8. Concello rural: aquel que teña unha poboación de menos de 20.000 habitantes. Para computar o número de habitantes dos concellos galegos tomarase como referencia as cifras de poboación referidas ao 1 de xaneiro de 2012, resultantes da revisión do padrón municipal, publicadas polo Instituto Nacional de Estatística e declaradas oficiais mediante o Real decreto 1697/2012, do 21 de decembro (BOE nº 313, do 29 de decembro).

9. Participante activo: aquela persoa desempregada inscrita como demandante de emprego no Servizo Público de Emprego que participase ou participe nalgún dos programas de fomento da empregabilidade. A comprobación da condición de persoa participante activa na data de solicitude realizaraa directamente o órgano xestor das axudas, agás que a inscrición fose realizada noutro servizo público de emprego distinto da Comunidade Autónoma de Galicia.

10. Entidade colaboradora: aquela que participase, participe ou poida participar nos diferentes programas de fomento da empregabilidade e/ou de inclusión, que implican colaboración directa coa Administración na posta en marcha das políticas activas de emprego definidas pola Consellería de Traballo e Benestar:

– Empresas en que se realice o módulo de prácticas profesionais non laborais dos certificados de profesionalidade cos alumnos ou alumnas dos cursos de formación para o emprego subvencionados pola Consellería de Traballo e Benestar.

– Empresas que realizasen cursos de formación de persoas desempregadas con compromiso de contratación ao abeiro das convocatorias da Consellería de Traballo e Benestar.

– Empresas que contraten alumnos e alumnas provenientes de cursos de formación para o emprego realizados no marco das convocatorias da Consellería de Traballo e Benestar.

– Empresas que contraten alumnos e alumnas que participasen en programas de escolas obradoiro, casas de oficios ou obradoiros de emprego.

– Empresas que contraten persoas desempregadas que participasen en programas de cooperación.

– Empresas que contraten persoas desempregadas provenientes dos programas integrados de emprego realizados no marco das convocatorias da Consellería de Traballo e Benestar.



– Empresas que presenten ofertas de traballo a través do Servizo Público de Emprego de Galicia.

– Empresas que colaboren coa Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ofertando prácticas non laborais aos seus alumnos e alumnas.

– Empresas que colaboren nos programas de inclusión social da Consellería de Traballo e Benestar.

11. Programas de fomento da empregabilidade: aqueles programas incluídos nas políticas activas de emprego destinados ao fomento do emprego e á mellora da empregabilidade xestionados pola Consellería de Traballo e Benestar, ben directamente ou a través de entidades colaboradoras, a partir do ano 2009:

- Programas formativos.
- Programas mixtos de formación e emprego.
- Programas de orientación.
- Programas de intermediación laboral.
- Programas de emprego-prácticas laborais.
- Programas de cooperación.
- Calquera outro programa xestionado pola Consellería de Traballo e Benestar.

12. Taxa de estabilidade: a porcentaxe do persoal traballador fixo sobre o total do cadro de persoal no conxunto dos centros de traballo da empresa en Galicia.

Artigo 3. *Entidades beneficiarias*

1. Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos previstos nesta orde as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestaren servizos en centros de traballo radicados na Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo cos requisitos e condicións que se establecen nesta orde e que acrediten a condición de entidade colaboradora segundo o establecido no artigo 2.



No caso de sociedades civís, comunidades de bens e unións temporais de empresas deberá facerse constar expresamente, tanto na solicitude coma na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada membro da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar para cada un deles, que terán igualmente a consideración de beneficiario. En calquera caso, deberán nomear unha persoa representante ou apoderada única da agrupación, con poderes bastantes para cumprir as obrigas que, como beneficiaria, lle correspondan á agrupación. No suposto de unións temporais de empresas, cada empresa que forme parte desta unión deberá reunir os requisitos exixidos para acceder ás axudas.

2. Non poderán ser entidades beneficiarias destas axudas as administracións públicas, as sociedades públicas, nin as entidades vinculadas ou dependentes de calquera delas.

3. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria das subvencións establecidas nesta orde as persoas ou entidades en que concorran algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

a) Ser condenadas mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.

b) Solicitar a declaración de concurso, ser declaradas insolventes en calquera procedemento, acharse declaradas en concurso, estar suxeitas a intervención xudicial ou ser inhabilitadas conforme a Lei concursal sen que conclúa o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

c) Dar lugar, por causa da que fosen declaradas culpables, á resolución firme de calquera contrato suscrito coa Administración.

d) Estar incurso a persoa física, os administradores das sociedades mercantís ou aqueles que exerzan a representación legal doutras persoas xurídicas nalgún dos supostos de incompatibilidades que estableza a normativa vixente.

e) Non estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social ou ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma nos termos regulamentariamente establecidos.

f) Ter a residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.



g) Non estar ao día de pagamento de obrigas por reintegro de subvencións nos termos regulamentariamente establecidos.

h) Ser sancionada mediante resolución firme coa perda da posibilidade de obter subvencións segundo a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ou a Lei xeral tributaria.

i) Non poderán acceder á condición de entidade beneficiaria as agrupacións de persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas sen personalidade, cando concorran algunha das prohibicións anteriores en calquera dos seus membros.

j) En ningún caso poderán obter a condición de entidade beneficiaria as asociacións incursas nas causas de prohibición previstas nos números 5 e 6 do artigo 4 da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación, nin as asociacións respecto das cales se suspendeu o procedemento administrativo de inscrición por atoparse indicios racionais de ilicitude penal, en aplicación do disposto no artigo 30.4 da Lei orgánica 1/2002, mentres non recaia resolución xudicial firme en cuxa virtude se poida practicar a inscrición no correspondente rexistro.

4. Non poderán obter a condición de entidade beneficiaria os solicitantes que estean excluídos do acceso aos beneficios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46 e 46 bis do texto refundido da Lei de infraccións e sancións na orde social, aprobado polo Real decreto legislativo 5/2000, do 4 de agosto.

5. A xustificación por parte das persoas ou entidades solicitantes de non estar incursas nas prohibicións contidas nos números 3 e 4 anteriores para obter a condición de beneficiario realizarase mediante declaración responsable.

CAPÍTULO II

Normas comúns de procedemento

Artigo 4. *Competencia*

A competencia para coñecer e resolver as solicitudes de axudas presentadas ao abeiro desta orde, por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar, corresponderalle ás persoas titulares das xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar polas contratacións que se realicen para prestar servizos en centros de traballo radicados na respectiva provincia.



Artigo 5. *Solicitudes e prazo*

1. As solicitudes poderán presentarse, preferiblemente, por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>, de acordo co establecido nos artigos 27 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos, e 24 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e nas entidades dela dependentes. Para a presentación das solicitudes por vía electrónica será necesario o documento nacional de identidade electrónico ou calquera dos certificados electrónicos recoñecidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia.

Tamén se poderán presentar as solicitudes en soporte papel por calquera dos medios establecidos no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

En caso de enviarse por correo, o envío deberá ser certificado co selo de correos na primeira folia do formulario para garantir que a data de remisión está incluída no prazo de presentación de solicitudes da orde de convocatoria.

2. As solicitudes e os anexos deste programa están dispoñibles na páxina web da Consellería de Traballo e Benestar; <http://traballo.xunta.es> e na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.es>. Para cubrir as solicitudes poderá empregarse a aplicación informática de axuda facilitada pola Consellería de Traballo e Benestar na súa páxina web, na epígrafe de axudas e subvencións.

3. As axudas previstas nos diferentes programas desta orde poderán solicitarse ata o último día do mes seguinte á data en que se inicie a relación laboral ou se produza a transformación do contrato temporal en indefinido.

4. O prazo para a presentación das solicitudes de axudas rematará o 30 de setembro de 2013, aínda que nesa data non transcorrese o prazo sinalado no parágrafo anterior.

5. As solicitudes de axudas polas contratacións subvencionables realizadas entre o 1 de outubro de 2012 e a data da publicación desta orde, poderán presentarse no prazo dun mes desde a publicación desta orde.



6. Para a presentación de solicitudes as persoas ou entidades beneficiarias poderán contar co asesoramento dos axentes de emprego e desenvolvemento local da rede coordinada pola Consellería de Traballo e Benestar.

Artigo 6. *Autorizacións*

1. A presentación da solicitude de concesión de subvención polo interesado comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deba emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Non obstante, quen solicita poderá denegar expresamente o consentimento; daquela deberá entregar coa solicitude a certificación de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma.

2. Mediante a presentación da solicitude de subvención, a persoa interesada presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Traballo e Benestar para incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, nos rexistros públicos de axudas, subvencións e convenios e de sancións administrativas, regulados no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006 (DOG nº 153, do 9 de agosto). Os dereitos de acceso, rectificación, consulta, cancelación e oposición de datos de carácter persoal exerceranse ante o Cixtec como responsable dos ficheiros, con domicilio na rúa Domingo Fontán, 9, 15702 Santiago de Compostela, de conformidade coas prescricións da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal.

3. Coa presentación da solicitude de subvención, mediante o anexo I-A, II-A e III-A desta orde, a persoa interesada autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co establecido no artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e na Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, do 7 de xullo de 2009, que o desenvolve, para a consulta dos seus datos de identidade no Sistema de verificación de datos de identidade. En caso de non prestar a autorización deberá presentar a fotocopia do documento acreditativo da identidade da persoa solicitante.



4. Coa presentación da solicitude de subvención o interesado autoriza expresamente a Consellería de Traballo e Benestar para que, de acordo co establecido nos números 3 e 4 do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, con expresión da convocatoria, o programa e crédito orzamentario con que se imputan, a entidade beneficiaria, a contía concedida e a finalidade da subvención, e na páxina web oficial da Consellería de Traballo e Benestar.

5. En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán ao ficheiro «Relacións administrativas coa cidadanía e entidades» para o seu tratamento coa finalidade da xestión, avaliación, seguimento e estatística deste procedemento. A presentación da solicitude supón a cesión de datos persoais á Consellería de Traballo e Benestar por parte da entidade solicitante, polo que esta é responsable de informar o traballador ou traballadora sobre a existencia e finalidade da cesión así como da obtención do seu consentimento. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei, pódense exercer dirixindo un escrito á Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Traballo e Benestar, como responsable do ficheiro, no enderezo: Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, A Coruña, ou no seguinte enderezo electrónico: lopd.traballo@xunta.es.

Artigo 7. *Procedemento de concesión, instrución e tramitación*

1. O procedemento de concesión das solicitudes presentadas ao abeiro desta orde axustarase ao disposto no artigo 19.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dado que polo obxecto e finalidade da subvención non resulta necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento.

2. O órgano instructor dos expedientes será, nas xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar, o Servizo de Traballo e Economía Social.

3. Se a solicitude non está debidamente cuberta ou non se achega a documentación exigida, as unidades administrativas encargadas da tramitación do expediente, de conformidade co disposto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, requirirán a persoa interesada para que, nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou presente os documentos preceptivos, coa advertencia de que, se así non o fixer, se considerará que desiste da súa petición, logo da resolución, que será ditada nos termos previstos no artigo 42 da dita lei.



4. Cando a persoa traballadora pola que se solicita subvención cause baixa na empresa solicitante en data anterior á resolución da concesión da axuda, entenderase que a empresa desiste da súa solicitude. A empresa solicitante está obrigada a comunicar esta situación ao órgano ante o cal solicitou a axuda.

Artigo 8. *Resolución e recursos*

1. Logo da fiscalización pola intervención da proposta emitida polo correspondente servizo, a resolución dítaraa o órgano competente por delegación da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar e seralle notificada á persoa interesada. As resolucións de concesión ou denegación serán sempre motivadas.

2. O prazo para resolver e notificar é de cinco meses, que se computarán desde a data de entrada da solicitude no rexistro do órgano competente para a súa tramitación. Transcorrido o devandito prazo sen que se dite resolución expresa, entenderase desestimada a solicitude, de acordo co establecido nos artigos 1 e 2 da Lei 6/2001, do 29 de xuño, de adecuación da normativa da Comunidade Autónoma de Galicia á Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

3. Notificada a resolución polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación; transcorrido este, sen que se produza manifestación expresa, entenderase tacitamente aceptada.

4. As resolucións que se diten neste procedemento esgotan a vía administrativa e contra elas cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de acordo co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Poderá formularse, con carácter potestativo, recurso de reposición, no prazo dun mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de conformidade coa Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

5. Por estar a axuda cofinanciada polo Fondo Social Europeo, na resolución de concesión informarase a persoa beneficiaria de que a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública cos nomes das persoas beneficiarios, das operacións e a cantidade de fondos públicos asignada a cada operación e de que a autoridade de xestión do programa operativo publicará conforme o previsto no artigo 7.2.d) do Regulamento (CE) 1828/2006 da Comisión, do 8 de decembro (DOUE L/45, do 15 de febreiro de 2007).



Artigo 9. *Modificación da resolución de concesión*

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión das axudas ou subvencións, así como a obtención concorrente de subvencións e axudas outorgadas por outras administracións ou outros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión e, eventualmente, á súa revogación.

**CAPÍTULO III
Incompatibilidades e concorrencia****Artigo 10. *Incompatibilidades e concorrencia***

1. Os incentivos establecidos para cada colectivo ou modalidade de contratación recollidos nesta orde son incompatibles entre si. Para o caso de que unha mesma contratación poida dar lugar á súa inclusión en máis dun dos supostos para os cales está prevista a subvención, correspóndelle a opción á persoa solicitante.

2. As axudas previstas nesta orde para as contratacións por conta allea serán incompatibles con outras que, polos mesmos conceptos, poidan outorgar as administracións públicas como medida de fomento de emprego. Non obstante, serán compatibles, se é o caso, cos incentivos en forma de bonificacións á Seguridade Social.

3. Os beneficios establecidos á contratación nesta orde non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 60 % do custo salarial de dúas anualidades correspondentes ao contrato que se subvenciona.

4. Os incentivos establecidos nesta orde serán compatibles con calquera outra axuda para distinta finalidade da Unión Europea, doutras administracións públicas ou entes públicos ou privados pero, sen que en ningún caso, illadamente ou en concorrencia con outras poidan superar os límites establecidos pola Unión Europea e os que establece o artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11. *Obrigas das entidades beneficiarias*

Son obrigas das entidades beneficiarias das axudas:

a) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Traballo e Benestar, así como a calquera outra actuación de control que poidan realizar os órganos competentes, tanto autonómicos coma estatais ou comunitarios, para o cal se achegará canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.



b) Comunicar ao órgano concedente calquera modificación das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, así como dos compromisos e obrigas asumidos polas persoas beneficiarias e, de ser o caso, a obtención concorrente de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza, e en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

c) Estar ao día das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da Comunidade Autónoma, con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión e realizar a proposta de pagamento da subvención.

d) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos exixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria en cada caso, coa finalidade de garantir o axeitado exercicio das facultades de comprobación e control.

Agás aquelas entidades beneficiarias que pola normativa vixente estean exentas da obriga de levar a cabo unha contabilidade, as entidades beneficiarias teñen a obriga de acreditar que levan unha contabilidade separada ou un código contable axeitado para os gastos obxecto de subvención.

e) Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en canto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control. En especial, e dado que as subvencións concedidas ao abeiro desta orde están cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, as persoas ou entidades beneficiarias garantirán, durante un período de tres anos a partir do peche do programa operativo ou ben durante un período de tres anos a partir do ano en que tivese lugar o peche parcial deste, a dispoñibilidade dos documentos xustificativos das contratacións subvencionadas.

f) Adoptar as medidas axeitadas de difusión para dar publicidade ao financiamento público das actuacións subvencionadas pola Consellería de Traballo e Benestar, así como cofinanciadas polo Fondo Social Europeo, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión, do 8 de decembro, polo que se fixan normas de desenvolvemento do Regulamento (CE) 1083/2006, do Consello, polo que se establecen as disposicións xerais relativas ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, ao Fondo Social Europeo e ao Fondo de Cohesión e o Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 45, do 15 de



febreiro de 2007). Como consecuencia disto a empresa deberá achegar a xustificación do cumprimento da obriga de informar as persoas traballadoras acerca da subvención dos seus contratos. Neste sentido, a aceptación da axuda comunitaria implicará a súa aparición na lista pública conforme o establecido no artigo 8.5 desta orde.

g) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

h) Aqueloutras obrigas establecidas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 12. *Revogación e reintegro*

1. Procederá a revogación das subvencións e axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a exixencia do xuro de mora correspondente desde o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. As obrigas de reintegro establecidas nos anexos desta orde, entenderanse sen prexuízo do establecido no Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, que aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións na orde social.

Artigo 13. *Devolución voluntaria da subvención*

De acordo co establecido no artigo 64 do regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, as entidades beneficiarias poderán realizar, sen o requirimento previo da Administración, a devolución total ou parcial da subvención concedida, mediante o seu ingreso na conta de Novagalicia Banco 2080 0300 87 3110063172, en concepto de devolución voluntaria da subvención.

En todo caso, a entidade beneficiaria deberá presentar ante o órgano concedente copia xustificativa da devolución voluntaria realizada, en que conste a data do ingreso, o seu importe e o número do expediente e denominación da subvención concedida.

Artigo 14. *Seguimento e control*

1. Sen prexuízo das facultades que teñen atribuídas outros órganos da Administración de Estado ou da Comunidade Autónoma, a Consellería de Traballo e Benestar levará a cabo funcións de control, así como de avaliación e seguimento dos programas.



2. As xefaturas territoriais da Consellería de Traballo e Benestar e a Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, poderán comprobar, en todo momento, a aplicación das subvencións concedidas para os fins programados. Para estes efectos, as persoas beneficiarias deberán cumprir as obrigas que se establezan nesta orde e na resolución de concesión.

3. Para realizar estas funcións poderanse utilizar cantos medios estean ao dispor da Consellería de Traballo e Benestar para comprobar o cumprimento dos requisitos exixidos nesta orde e demais normas vixentes que resulten de aplicación.

Artigo 15. *Réxime de axudas*

As axudas ás contratacións indefinidas iniciais e as transformacións de contratos temporais en indefinidos, así como as contratacións temporais que reúnan as condicións e requisitos establecidos nesta orde, quedan sometidas ao réxime *de minimis*, nos termos establecidos no Regulamento (CE) 1998/2006 da Comisión, do 15 de decembro, relativo á aplicación dos artigos 87 e 88 do tratado CE ás axudas *de minimis*. Esta circunstancia farase constar expresamente na resolución de concesión da subvención. Polo tanto, a axuda total *de minimis* concedida a unha empresa non será superior a 200.000 euros durante calquera período de tres exercicios fiscais, ou a 100.000 euros no suposto dunha axuda concedida a unha empresa que opere no sector do transporte pola estrada.

Por tratarse de axudas sometidas ao réxime de axudas *de minimis*, non poderá concederse a empresas dos seguintes sectores:

- a) Pesca e acuicultura, segundo se recolle no Regulamento (CE) 104/2000 do Consello.
- b) Produción primaria dos produtos agrícolas que figuran na lista do anexo I do tratado.
- c) Actividades relacionadas coa exportación a países terceiros ou Estados membros cando a axuda estea vinculada directamente ás cantidades exportadas, á creación e funcionamento dunha rede de distribución ou a outros gastos de explotación vinculados á actividade de exportación.
- d) Carbón, segundo se define no Regulamento (CE) 1407/2002.
- e) Empresas en crise, segundo a definición contida para as grandes empresas no punto 2.1 das directrices comunitarias sobre axudas estatais de salvamento e reestruturación de empresas en crise (DOUE C 244, do 1 de outubro de 2004) e para as pemes no arti-



go 1.7 do Regulamento xeral de exención por categorías, Regulamento (CE) Nº 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se decláran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (DOUE L 214, do 9 de agosto).

Disposición adicional primeira

Apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar nos xefes e xefas territoriais, no ámbito das súas respectivas provincias para resolver a concesión ou denegación das axudas e subvencións previstas nesta orde, para autorizar, dispoñer, recoñecer a obriga e propoñer os correspondentes pagamentos, así como para resolver os procedementos de reintegro das subvencións indebidamente percibidas polos seus beneficiarios, respecto das resolucións concesorias de que derivan, ditadas por delegación da conselleira. Así mesmo, apróbase a delegación de atribucións da persoa titular da Consellería de Traballo e Benestar na persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para a tramitación e resolución dos expedientes de redistribución dos créditos necesarios para o financiamento desta orde.

Disposición adicional segunda

A concesión das subvencións previstas nesta orde estará suxeita á existencia de crédito orzamentario. Se é o caso, e de acordo co disposto no artigo 31.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, publicarase mediante resolución da persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social o esgotamento das partidas orzamentarias asignadas.

Disposición adicional terceira

No exercicio económico 2013, as axudas recollidas nesta orde financiaranse con cargo ás aplicacións orzamentarias 11.02.322C.472.3 código de proxecto 2013 00536 cun crédito de 2.700.000 euros; 11.02.322C.472.4, código de proxecto 2013 00538, cun crédito de 36.000 euros; 11.02.322C.472.6, código de proxecto 2013 00543, cun crédito de 112.000 euros; 11.02.322C.472.1, código de proxecto 2013 00535, cun crédito de 4.300.000 euros.

Estas axudas son financiadas polo FSE ao 80 % no P.O. FSE Galicia 2007-2013, no eixe 1 tema prioritario 63 e no eixe 2 temas prioritarios 66, 69 e 71.

Estas contías están recollidas na Lei 2/2013, do 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.



Estes créditos poderán ser obxecto de modificacións como consecuencia da asignación ou da redistribución de fondos para o financiamento dos programas de fomento do emprego, coas limitacións que establezan as disposicións aplicables ás axudas cofinanciadas polo Fondo Social Europeo.

Poderá ampliarse a contía máxima dos créditos dispoñibles para esta convocatoria. O incremento de crédito estará condicionado á declaración de dispoñibilidade do crédito como consecuencia dunha xeración, ampliación, incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo.

Disposición derradeira primeira

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social para que dite, no ámbito das súas competencias, as resolucións e instrucións necesarias para o desenvolvemento e cumprimento desta orde.

Disposición derradeira segunda

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 28 de maio de 2013

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Traballo e Benestar

ANEXO I

Programa de incentivos á contratación indefinida inicial (Programa Conii)

Primeira. *Ámbito temporal de aplicación e contratacións subvencionables*

1. Serán subvencionables ao abeiro deste programa as contratacións realizadas desde o 1 de outubro de 2012 ata o 30 de setembro de 2013.
2. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións indefinidas iniciais a tempo completo ou a tempo parcial que realicen as entidades colaboradoras con aquelas persoas desempregadas que teñan a consideración de participantes activas



nos programas de fomento da empregabilidade, sendo prioritarios os seguintes colectivos de persoas traballadoras que sexan contratadas con carácter indefinido:

- a) Persoas desempregadas de longa duración.
- b) Persoas desempregadas que esgotasen as prestacións por desemprego.
- c) Persoas desempregadas perceptoras da Risga.
- d) Persoas desempregadas de 45 ou máis anos de idade.
- e) Mozas e mozos desempregados sen cualificación.
- f) Persoas desempregadas vítimas de violencia de xénero.
- g) Persoas desempregadas que pertencen a colectivos en risco de exclusión social.
- h) Mulleres desempregadas.

Segunda. *Requisitos*

1. Como consecuencia da contratación indefinida inicial pola que se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia respecto á media dos tres meses anteriores ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

2. Como consecuencia da contratación indefinida que se fomenta ten que incrementarse o emprego neto da empresa no ámbito territorial de Galicia, respecto á media dos tres meses anteriores ao mes de realización da contratación pola que se solicita subvención.

3. Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo e neto non se computarán as persoas traballadoras fixas cuxas baixas se producisen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

No caso de que nalgún dos tres meses anteriores á contratación pola que se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontínuas, estas computaranse como persoal fixo.



4. Todas aquelas persoas desempregadas que teñan a consideración de participantes activas nos programas de fomento da empregabilidade deberán ser contratadas con carácter indefinido nunha ocupación correspondente coa súa titulación profesional ou certificado de profesionalidade, agás as persoas que non estean en posesión de ningunha titulación profesional ou certificado de profesionalidade.

5. A xornada da contratación indefinida inicial a tempo parcial deberá ser pactada entre o 35 % e o 75 % da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada máxima legal.

6. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Terceira. *Contías dos incentivos*

1. As contratacións indefinidas iniciais incentivaranse cunha axuda de:

– 5.400 euros.

– 5.900 euros cando as contratacións sexan realizadas con mulleres ou con persoas mozas desempregadas de 30 ou menos anos de idade.

– 6.300 euros cando as contratacións sexan realizadas por microempresas; 6.800 euros se, neste suposto, a contratación se realiza cunha muller ou cunha persoa moza desempregada de 30 ou menos anos de idade.

– 7.200 euros cando as contratacións sexan realizadas por microempresas para prestar servizos en centros de traballo radicados nun concello rural; 7.700 euros se, neste suposto, a contratación se realiza cunha muller ou cunha persoa moza desempregada de 30 ou menos anos de idade.

No caso de que a empresa conte no seu cadro de persoal no mes da contratación pola que se solicita subvención cun mínimo do 75 % de persoal indefinido as contías das axudas serán as seguintes:

– 6.000 euros.

– 6.500 euros cando as contratacións sexan realizadas con mulleres ou con persoas mozas desempregadas de 30 ou menos anos de idade.



– 7.000 euros cando as contratacións sexan realizadas por microempresas e 7.500 euros se, neste suposto, a contratación se realiza cunha muller ou cunha persoa moza desempregada de 30 ou menos anos de idade.

– 8.000 euros euros cando as contratacións sexan realizadas por microempresas para prestar servizos en centros de traballo radicados nun concello rural; 8.500 euros se, neste suposto, a contratación se realiza cunha muller ou cunha persoa moza desempregada de 30 ou menos anos de idade.

2. A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

Cuarta. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

3. As contratacións realizadas con persoas traballadoras que nos 24 meses anteriores á data da contratación prestasen servizos na mesma empresa ou grupo de empresas mediante un contrato de carácter indefinido ou nos últimos tres meses mediante un contrato de carácter temporal ou mediante un contrato formativo, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación. O disposto no parágrafo precedente será tamén de



aplicación no suposto de vinculación laboral anterior do traballador ou da traballadora con empresas ás cales a persoa solicitante dos beneficios sucedese en virtude do establecido no artigo 44 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo.

4. As persoas traballadoras que rematen unha relación laboral de carácter indefinido nun prazo de tres meses previos á formalización do contrato polo que se solicita a subvención, agás que a dita relación laboral finalizase por causa dun despedimento recoñecido ou declarado improcedente ou se extinga por algunha das causas sinaladas nos artigos 49.1.g), 51 e 52.c) do Estatuto dos traballadores.

Quinta. *Solicitudes e documentación*

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Autorización á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o modelo do anexo I-A, para a consulta dos datos de identidade da persoa solicitante ou representante da entidade, no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

No caso de non presentar esta autorización a persoa solicitante ou a persoa representante da entidade deberá achegar o DNI ou o NIE.

Se o solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa.

2. Declaración responsable de ser entidade colaboradora de acordo co establecido no artigo 2.10 da orde de convocatoria, segundo o modelo do anexo I-F.

3. Declaración da media do cadro de persoal, neto e fixo, de todos os centros de traballo da empresa en Galicia en cada un dos tres meses anteriores ao mes de inicio da relación laboral da persoa traballadora contratada, segundo o modelo do anexo I-B.

4. Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita, na cal se inclúan os custos salariais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención e a nómina do mes de contratación, segundo o modelo do anexo I-C.

5. Documentos TC2 correspondentes ás tres mensualidades anteriores ao mes de realización da contratación e, se é o caso, documentos TC2 correspondentes ás mensualidades da contratación obxecto de solicitude de subvención.



Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas na base segunda punto 3 deste anexo.

6. Documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza ao correspondente colectivo subvencionado. De ser o caso, declaración responsable asinada pola persoa representante da empresa e pola persoa traballadora pola que se solicita subvención conforme foi contratada nunha ocupación correspondente á súa titulación profesional ou certificado de profesionalidade.

7. De ser o caso, acreditación da condición de microempresa segundo o establecido no artigo 2, segundo o modelo do anexo I-G.

8. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anos anteriores, segundo o modelo do anexo I-D.

9. Documentación acreditativa de estar ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

10. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de non ter a condición de empresa en crise, segundo o establecido no artigo 15.e) desta orde, e as autorizacións sinaladas no artigo 6 desta orde, segundo o modelo do anexo I-A.

11. A documentación poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e das entidades dela dependentes.



Sexta. Xustificación e pagamento

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación, no prazo, nos termos e no modo que se exixa de forma expresa na resolución de concesión, entre a cal deberá figurar:

a) Documento TC2 correspondente á mensuralidade da contratación obxecto de subvención.

b) Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar as persoas traballadoras acerca do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos, segundo o modelo do anexo I-E.

c) Declaración do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, complementaria da establecida na base quinta deste anexo, segundo o modelo do anexo I-D.

d) Se é o caso, extracto de balance provisional contable da entidade beneficiaria que permite verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados. Os documentos contables que se achegan deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron os gastos imputados, as fichas e os números de asentos contables. Estes documentos contables poden ir acompañados dunha breve explicación sobre a sistemática de contabilización dos gastos.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma ou sexa debedor en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

3. En todo caso, nas axudas respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro (BOE nº 252, do 18 de outubro), pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo (BOE nº 79, do 1 de abril).

Sétima. Obrigas das entidades beneficiarias

1. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas ao abeiro desta orde durante un período de dous anos contado desde a data de realización da contratación.



No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a empresa está obrigada a cubrir a vacante cunha nova contratación indefinida inicial, polo menos cunha xornada de traballo igual ao anterior, e a nova persoa traballadora deberá ter a condición de participante activa e pertencer a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa polo que se poida conceder unha subvención por importe igual ou superior ao da persoa que causase baixa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda. Para cumprir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

2. Manter durante 2 anos o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal, que se contarán desde a data de realización da contratación.

3. Unha vez finalizado o período dos dous anos do cumprimento das obrigas, corresponderá á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa. Para iso, a persoa beneficiaria está obrigada a presentar, nos tres meses seguintes ao remate deste prazo, unha declaración da media do persoal traballador fixo e neto no conxunto dos centros de traballo en Galicia do período de 12 meses contados desde o mes seguinte ao da realización das contratacións subvencionadas. Esta declaración deberá presentarse respecto de cada un dos dous anos seguintes ao mes en que se realizou a contratación subvencionada. A estas declaracións xuntaranse os documentos TC2 das 24 mensualidades.

4. No caso de sinatura dun compromiso por parte da entidade beneficiaria no momento da solicitude da subvención de actuar como entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego nalgún dos diferentes programas de fomento da empregabilidade e/ou inclusión, a entidade está obrigada a presentar, no prazo dos 24 meses seguintes á sinatura do compromiso, a acreditación desta participación.

Oitava. *Reintegro*

Procederá o reintegro das axudas cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 1 deste anexo, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido nas anteditas bases, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.



b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 1 deste anexo de que á nova persoa traballadora substituta se lle poida conceder unha subvención por importe igual ou superior á da persoa que cause baixa, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate. Para o cálculo da contía que hai que reintegrar terase en conta a diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería á nova contratación.

c) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 2 deste anexo procederá o reintegro parcial da axuda. Para o cálculo da contía que hai que reintegrar terase en conta a contía mínima de subvención concedida á empresa por cada persoa traballadora subvencionada, sendo esta a contía que se aplicará por cada un dos empregos diminuídos.

d) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 4 deste anexo procederá o reintegro total da axuda.

ANEXO II

Programa de incentivos á transformación de contratos temporais en indefinidos (Programa Estabiliza)

Primeira. Ámbito temporal de aplicación e contratacións subvencionables

1. Serán subvencionables ao abeiro deste programa as seguintes transformacións de contratos temporais en indefinidos:

a) As transformacións, que se formalizasen desde o 1 de outubro de 2012 e ata a data de publicación desta orde, de contratos temporais en indefinidos, sempre que o contrato temporal obxecto de transformación estivese vixente o 30 de setembro de 2012. Cando se trate de transformacións en indefinidos de contratos en prácticas, para a formación, para a formación e a aprendizaxe, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación, non será necesario que o contrato temporal estivese vixente na data anterior.

b) As transformacións de contratos temporais en indefinidos que se formalicen desde a data de publicación desta orde e ata o 30 de setembro de 2013, sempre que o contrato temporal obxecto de transformación estivese vixente no momento da súa publicación. Cando se trate de transformación en indefinidos de contratos en prácticas, para a formación, para a formación e a aprendizaxe, de revezamento ou de substitución por anticipación da idade de xubilación, non será necesario que o contrato temporal estivese vixente na data anterior.



2. Para os efectos deste programa entenderase que se produce a transformación dun contrato temporal en indefinido en todos aqueles casos en que ambas as dúas modalidades contractuais se sucedan sen ruptura da relación laboral coa empresa, incluídos aqueles supostos en que o inicio da relación laboral indefinida teña lugar o día seguinte ao do termo da vixencia do contrato temporal do que trae causa.

Segunda. *Requisitos*

1. As transformacións de contratos temporais en indefinidos serán realizadas por entidades colaboradoras que teñan a condición de microempresa segundo o establecido no artigo 2 desta orde.

2. Como consecuencia da contratación indefinida pola que se solicita subvención ten que incrementarse o cadro de persoal fixo da empresa no ámbito territorial de Galicia respecto á media dos tres meses anteriores ao mes en que se realiza a contratación pola cal se solicita subvención.

No caso de que algún dos tres meses anteriores á contratación pola cal se solicita a subvención coincida con períodos de inactividade de persoas traballadoras fixas-descontínuas, estas computaranse como persoal fixo.

Para o cálculo do incremento do cadro de persoal fixo non se computarán as persoas traballadoras fixas cuxas baixas se producisen por dimisión da persoa traballadora ou por morte, xubilación, incapacidade permanente total ou absoluta ou grande invalidez legalmente recoñecidas ou por resolución durante o período de proba.

3. No se incentivará a transformación dos contratos temporais en indefinidos sempre que transcorresen máis de 24 meses desde a súa celebración inicial, agás aquelas modalidades temporais cuxa normativa permita unha duración superior a este prazo, computándose todas as modalidades contractuais celebradas sen ruptura de continuidade.

4. No caso de transformacións de contratos temporais a tempo completo, a xornada do novo contrato indefinido será tamén a tempo completo excepto as transformacións de contratos temporais en indefinidos na súa modalidade de fixo-descontínuo.

Nos supostos de transformación de contratos temporais a tempo parcial, a xornada do novo contrato indefinido deberá ser, como mínimo, igual á do contrato que se transforma.



5. No suposto de que a transformación se produza con anterioridade á duración inicial dun contrato temporal xa subvencionado, compensarase a parte da subvención concedida correspondente ao período non esgotado, reducindo na mesma contía o incentivo pola transformación do contrato en indefinido.

6. As contratacións polas cales se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Terceira. *Contía dos incentivos*

1. As transformacións de contratos temporais en indefinidos que cumpran os requisitos e condicións establecidos neste anexo incentivaranse con 2.000 euros.

2. A contía dos incentivos será proporcional ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

Cuarta. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.

2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao inclusive, da empresa ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate a un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.



Quinta. *Solicitudes e documentación*

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada:

1. Autorización á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o modelo do anexo II-A, para a consulta dos datos de identidade, o DNI ou NIE da persoa solicitante ou representante da entidade, no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

No caso de non presentar esta autorización a persoa solicitante ou representante da entidade deberá achegar o DNI ou o NIE.

Se a persoa solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e o NIF da empresa.

2. Declaración responsable de ser entidade colaboradora de acordo co establecido no artigo 2.10 da orde de convocatoria, segundo o modelo do anexo II-G.

3. Declaración do cadro de persoal fixo de todos os centros de traballo da empresa en Galicia de cada un dos tres meses anteriores ao mes en que se realiza a transformación, segundo o modelo do anexo II-B.

4. Documentos TC2 correspondentes ás tres mensualidades anteriores ao mes de realización da transformación e, se é caso, documentos TC2 correspondentes á mensuralidade da contratación obxecto de solicitude de subvención.

5. Relación nominal das persoas traballadoras polas cales se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita, na cal se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola cal se solicita subvención e a nómina do mes de contratación, segundo o modelo do anexo II-C.

Se é o caso, documentos acreditativos das baixas previstas na base segunda deste anexo.

6. Acreditación da condición de microempresa segundo o establecido no artigo 2, segundo o modelo do anexo II-F.



7. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas, ou concedidas, para o mesmo proxecto ou actividade ante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anos anteriores segundo o modelo do anexo II-D.

8. Documentación acreditativa de estar ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que a persoa solicitante denegase expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

9. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de non ter a condición de empresa en crise, segundo o establecido no artigo 15.e) desta orde, e as autorizacións sinaladas no artigo 6 desta orde, segundo o modelo do anexo II-A.

10. A documentación poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e das entidades dela dependentes.

Sexta. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación, no prazo, nos termos e no modo que se exixa de forma expresa na resolución de concesión, entre a cal deberá figurar:

a) Documento TC2 correspondente á mensuralidade da contratación obxecto de subvención.



b) Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar as persoas traballadoras acerca do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos, segundo o modelo do anexo II-E.

c) Declaración complementaria da establecida na base quinta deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo II-D.

d) Se é o caso, extracto de balance provisional contable da entidade beneficiaria que permite verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados. Os documentos contables que se achegan deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron os gastos imputados, as fichas e os números de asentos contables. Estes documentos contables poden ir acompañados dunha breve explicación sobre a sistemática de contabilización dos gastos.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto o beneficiario non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias, e fronte á Seguridade Social, ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

3. En todo caso, nas axudas respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro (BOE nº 252, do 18 de outubro), pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo (BOE nº 79, do 1 de abril).

Sétima. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Manter no seu cadro de persoal fixo as persoas traballadoras subvencionadas ao abeiro desta orde durante un período de dous anos contado desde a data de realización da transformación.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a empresa está obrigada a cubrir a vacante, polo menos en tempo de dedicación igual ao anterior, cunha nova transformación dun contrato temporal que estivese vixente na data de baixa da persoa traballadora substituída e de non ser isto posible,



cunha nova contratación indefinida inicial realizada cunha persoa desempregada que teña a condición de participante activa e inscrita no Servizo Público de Emprego, o cal deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda. Para cumprir esta obriga a empresa ten de prazo ata o último día do mes seguinte ao da baixa. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.

2. Manter o número de persoas traballadoras fixas do seu cadro de persoal durante dous anos que se contarán desde a data de realización da transformación.

3. Unha vez finalizado o período dos dous anos do cumprimento das obrigas, corresponderá á Dirección Xeral de Traballo e Economía Social levar a cabo a función de control das subvencións concedidas, así como a avaliación e seguimento deste programa. Para iso, o beneficiario está obrigado a presentar, nos tres meses seguintes ao remate deste prazo, unha declaración da media do persoal traballador fixo no conxunto dos centros de traballo en Galicia do período de 12 meses contados desde o mes seguinte ao da realización das contratacións subvencionadas. Esta declaración deberá presentarse de cada un dos dous anos seguintes ao mes en que se realizou a contratación subvencionada. A estas declaracións xuntaranse os documentos TC2 das 24 mensualidades.

4. No caso de sinatura dun compromiso por parte da entidade beneficiaria no momento da solicitude da subvención de actuar como entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego nalgún dos diferentes programas de fomento da empregabilidade e/ou inclusión, esta está obrigada a presentar, no prazo dos 24 meses seguintes á sinatura do compromiso, a acreditación desta participación.

Oitava. *Reintegro*

Procederá o reintegro das axudas, cando se produza algunha das seguintes circunstancias:

a) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 1 deste anexo, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido na antedita base, procederá o reintegro da axuda concedida pola persoa traballadora de que se trate.

b) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 1 deste anexo de manter a xornada de traballo igual á da persoa traballadora subvencionada, procederá o reintegro parcial da axuda concedida pola persoa traballadora de que se



trate. Para o cálculo da contía que hai que reintegrar terase en conta a diferenza entre a cantidade percibida e a cantidade que correspondería á nova contratación.

c) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 2 deste anexo, procederá o reintegro parcial da axuda. Para o cálculo da contía que se vai reintegrar terase en conta a contía de subvención concedida á empresa por cada persoa traballadora subvencionada, sendo esta a contía que se aplicará por cada un dos empregos fixos diminuídos.

d) Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 4 deste anexo procederá o reintegro total da axuda.

ANEXO III

Programa de incentivos á contratación temporal (Programa Inserta)

Primeira. Ámbito temporal de aplicación e contratacións subvencionables

Serán subvencionables ao abeiro deste programa as modalidades de contratación temporal que cumprindo os requisitos establecidos neste anexo, se formalicen desde o 1 de outubro de 2012 e ata o 30 de setembro de 2013.

Segunda. Requisitos

1. Os incentivos previstos neste programa serán de aplicación ás contratacións temporais que realicen as entidades colaboradoras con aquelas persoas desempregadas que teñan a consideración de participantes activas nos programas de fomento da empregabilidade.

2. Serán subvencionables todas as modalidades contractuais de carácter temporal, cunha duración mínima de 6 meses e máxima de 12 meses, que se realicen con persoas desempregadas que pertencen a algún dos colectivos en risco de exclusión social relacionados no artigo 2.2 desta orde.

3. Serán subvencionables os contratos de interinidade sempre que se realicen con persoas desempregadas de acordo co establecido no artigo 2.1 desta orde, para substituír persoas traballadoras en excedencia por coidado de familiares, nos supostos e termos previstos no artigo 46.3 do Estatuto dos traballadores, por un período non inferior a catro meses nin superior a tres anos, e sempre que en virtude de disposición legal ou convenio colectivo de aplicación se trate dunha excedencia con reserva de posto de traballo, ou con



redución de xornada de traballo por motivos familiares nos supostos e termos previstos no artigo 37.5 do Estatuto dos traballadores.

4. As contratacións polas que se solicita subvención deberán formalizarse e comunicarse á oficina pública de emprego na forma regulamentariamente establecida.

Terceira. *Contías dos incentivos*

1. Os contratos temporais formalizados con persoas desempregadas que pertencen a algún dos colectivos en risco de exclusión social relacionados no artigo 2.2 desta orde, incentivaranse de acordo coa seguinte escala:

Duración do contrato	Axudas
6 meses	2.500 €
7 meses	2.900 €
8 meses	3.300 €
9 meses	3.700 €
10 meses	4.100 €
11 meses	4.550 €
12 meses	5.000 €

2. Os contratos de interinidade que se realicen con persoas desempregadas incentivaranse cunha axuda de 2.000 euros, que se reducirá proporcionalmente cando a súa duración sexa por un período inferior a un ano.

3. As contías das subvencións establecidas nos puntos 1 e 2 desta base serán proporcionais ao tempo efectivo de traballo en función da xornada a tempo completo establecida no convenio colectivo de aplicación ou, no seu defecto, da xornada ordinaria máxima legal.

Cuarta. *Exclusións*

Exclúense dos beneficios regulados nesta orde:

1. As relacións laborais de carácter especial previstas no artigo 2.1 do Real decreto legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores ou noutras disposicións legais, así como as contratacións de traballadores ou traballadoras para prestaren servizos noutras empresas mediante contratos de posta á disposición.



2. Os contratos realizados co cónxuxe, os ascendentes, os descendentes e demais parentes, por consanguinidade ou afinidade, ata o segundo grao incluído, da empresaria ou empresario ou das persoas que teñan cargos de dirección ou sexan membros dos órganos de administración das empresas que revistan a forma xurídica de sociedade, así como as que se produzan con estes últimos. Non será aplicable esta exclusión cando a persoa empregadora sexa unha persoa traballadora autónoma que contrate como persoa traballadora por conta allea aos fillos e fillas menores de 30 anos, tanto se conviven ou non con el, ou cando se trate dunha persoa traballadora autónoma sen persoas asalariadas e contrate un só familiar menor de 45 anos que non conviva no seu fogar nin estea ao seu cargo.

Quinta. *Solicitudes e documentación*

As solicitudes deberán presentarse nos modelos normalizados que figuran como anexos numéricos a esta orde, xunto coa seguinte documentación, orixinal ou copia compulsada ou cotexada:

1. Autorización á Consellería de Traballo e Benestar, segundo o modelo do anexo III-A, para a consulta dos datos de identidade, o DNI ou o NIE da persoa solicitante ou representante da entidade, no Sistema de verificación de datos de identidade, de acordo co disposto no Decreto 255/2008, do 23 de outubro.

No caso de non presentar esta autorización a persoa solicitante ou representante da entidade deberá achegar o DNI ou o NIE.

Se a persoa solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e o NIF da empresa.

2. Declaración responsable de ser entidade colaboradora de acordo co establecido no artigo 2.10 da orde de convocatoria, segundo o modelo do anexo III-E.

3. Relación nominal das persoas traballadoras polas que se solicita subvención, con indicación do suposto e tipo de axuda que se solicita en que se inclúan os custos salariais totais anuais de cada persoa traballadora pola que se solicita subvención e a nómina do mes de contratación, segundo o modelo do anexo III-B.

4. No caso da base segunda punto 2, documentos acreditativos das características que determinen a súa pertenza ao correspondente colectivo subvencionado.

5. No caso da base segunda punto 3, documento acreditativo da baixa e da situación de excedencia polo coidado de familiares ou, se é o caso, da redución da xornada por motivos familiares.



6. Declaración comprensiva do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto ou actividade perante as administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, así como unha declaración das axudas *de minimis* obtidas no exercicio corrente e nos dous anos anteriores segundo o modelo do anexo III-C.

7. Documentación acreditativa de estar ao día das súas obrigas tributarias -estatais e autonómicas- e coa Seguridade Social e de que non teñen pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración da Comunidade Autónoma, unicamente no suposto de que o solicitante denegue expresamente a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

8. Declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter a condición de persoa beneficiaria previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e de non ter a condición de empresa en crise, segundo o establecido no artigo 15.e) desta orde, e as autorizacións sinaladas no artigo 6 desta orde, segundo o modelo do anexo III-A.

9. A documentación poderase presentar electronicamente utilizando calquera procedemento de copia dixitalizada do documento orixinal. Neste caso, as copias dixitalizadas presentadas garantirán a fidelidade co orixinal baixo a responsabilidade da persoa solicitante. A Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada segundo o disposto no artigo 35.2 da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso dos cidadáns aos servizos públicos e 22.3 do Decreto 198/2010, polo que se regula o desenvolvemento da Administración electrónica na Xunta de Galicia e das entidades dela dependentes.

Sexta. *Xustificación e pagamento*

1. De non achegarse con anterioridade, o pagamento das subvencións quedará condicionado á presentación da documentación, no prazo, nos termos e no modo que se exixa de forma expresa na resolución de concesión, entre a cal deberá figurar:

a) Cumprimento por parte da empresa da obriga de informar as persoas traballadoras acerca do financiamento comunitario da subvención dos seus contratos, segundo o modelo do anexo III-D.



b) Declaración complementaria da establecida na base quinta deste anexo, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución para o mesmo proxecto das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, de ser o caso, que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo III-C.

c) De ser o caso, extracto de balance provisional contable da entidade beneficiaria que permite verificar a contabilidade separada dos gastos subvencionados. Os documentos contables que se achegan deben incluír as contas ou as subcontas en que se contabilizaron os gastos imputados, as fichas e os números de asentos contables. Estes documentos contables poden ir acompañados dunha breve explicación sobre a sistemática de contabilización dos gastos.

2. Non poderá realizarse o pagamento da subvención en canto a persoa beneficiaria non estea ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social ou teña pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma ou sexa debedor en virtude de resolución firme declarativa de procedencia de reintegro.

3. En todo caso nas axudas respectaranse as condicións da Orde TIN/2965/2008, do 14 de outubro (BOE nº 252, do 18 de outubro), pola que se determinan os gastos subvencionables polo FSE modificada pola Orde TIN/788/2009, do 25 de marzo (BOE nº 79, do 1 de abril).

Sétima. *Obrigas das entidades beneficiarias*

1. Nas axudas á contratación temporal de persoas que pertencen aos colectivos en risco ou situación de exclusión social relacionados no artigo 2.2 desta orde, a entidade beneficiaria deberá manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora contratada polo período de duración do contrato obxecto de subvención.

No suposto de extinción da relación laboral dalgunha persoa traballadora pola que se concedeu a subvención, a entidade beneficiaria está obrigada a cubrir a vacante dentro do mes seguinte ao da baixa, polo menos en tempo de dedicación igual ao anterior, e a nova persoa traballadora deberá ser desempregada, participante activa e pertencer a algún dos colectivos de persoas beneficiarias deste programa, o que deberá serlle comunicado ao órgano que concedeu a axuda. Esta nova incorporación non dará lugar, en ningún caso, a unha nova axuda.



2. Nas axudas para a substitución das persoas traballadoras en excedencia para o cuidado de familiares ou con redución da xornada de traballo por motivos familiares, a empresa beneficiaria ten as seguintes obrigas:

a) Manter no seu cadro de persoal a persoa traballadora subvencionada ao abeiro deste programa polo período de duración do contrato obxecto de subvención.

No suposto de cesamento da persoa traballadora interina, a cobertura do posto de traballo por unha nova persoa traballadora desempregada terá que realizarse durante o período da substitución, dentro dos dez días seguintes ao da baixa, feito que deberá de ser comunicado pola empresa beneficiaria ao órgano competente que concedese a axuda.

b) Comunicar a data de incorporación ao posto de traballo da persoa substituída dentro do mes seguinte a aquel en que esta se produza.

3. En ambos os supostos, no caso de sinatura dun compromiso por parte da entidade beneficiaria no momento da solicitude da subvención de actuar como entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego nalgún dos diferentes programas de fomento da empregabilidade e/ou inclusión, a entidade está obrigada a presentar, no prazo dos 24 meses seguintes á sinatura do compromiso, a acreditación desta participación.

Oitava. *Reintegro*

1. Entenderase que se produce un incumprimento parcial e, polo tanto, procederá o reintegro parcial das axudas cando a persoa traballadora non sexa substituída pola empresa unha vez transcorrese a duración mínima do contrato para que este poida ser subvencionado. O cálculo da contía que se reintegrará farase en función dos meses en que a persoa traballadora estivo na empresa en relación coa duración total do contrato obxecto de subvención.

2. Entenderase que se produce un incumprimento total e, polo tanto, procederá o reintegro total dos incentivos cando a persoa traballadora subvencionada cese na súa relación laboral antes de que transcorra o período mínimo de subvención e a empresa non proceda a substituílo.

3. Cando a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida na base sétima punto 3 deste anexo procederá o reintegro total da axuda.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I-A

PROCEDEMENTO PROGRAMA DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN INDEFINIDA INICIAL (PROGRAMA CONII)	CÓDIGO DO PROCEEMENTO TR349A	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	--	--------------------------------

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

NOME E APELIDOS / RAZÓN SOCIAL NIF

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

ACTIVIDADE ECONÓMICA (DESCRICIÓN) CNAE DATA INICIO ACTIVIDADE

Nº DE CONTRATACIÓNS POLAS QUE SOLICITA SUBVENCIÓN Nº INSCRICIÓN NA S.S. Nº PERSOAS TRABALLADORAS DA EMPRESA (1)

(1) Nº de persoas traballadoras da empresa no ámbito territorial de Galicia

E, NA SÚA REPRESENTACIÓN

NOME PRIMEIRO APELIDO SEGUNDO APELIDO NIF

ACTÚA EN CALIDADE DE
 TITULAR REPRESENTANTE

ENDEREZO PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN (non é necesario se coincide co anterior)

ENDEREZO LOCALIDADE

CÓDIGO POSTAL PROVINCIA CONCELLO

TELÉFONO FAX CORREO ELECTRÓNICO

DATOS BANCARIOS

DECLARO baixo a miña responsabilidade que son certos os datos consignados relativos á conta bancaria indicada

NOME DA ENTIDADE NÚMERO DA CONTA BANCARIA (20 DÍXITOS)

SOLICITA:
As subvencións correspondentes ás contratacións enriba indicadas das persoas traballadoras que figuran na relación, no modelo anexo I-C que se xunta, e para os supostos e tipos de incentivo que se describen nela e se acreditan coa documentación que se xunta relacionada neste anexo.

DECLARACIÓN RESPONSABLE E AUTORIZACIÓNS

a) Todos os datos que constan na solicitude e nos documentos que se xuntan son certos.

b) Non se incorre en ningunha das incompatibilidades sinaladas no artigo 10 e non concorre ningunha das causas de exclusión sinaladas na base cuarta do anexo I da orde de convocatoria, non concorre ningunha das circunstancias previstas no número 2 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e reúnen as condicións para ser beneficiario de acordo co establecido no artigo 3 da orde de convocatoria.

c) Non foi excluído do acceso aos beneficiarios derivados da aplicación dos programas de emprego, conforme o establecido no artigo 46.2 do Real decreto lexislativo 5/2000, do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sanción na orde social.

d) Non ten a consideración de empresa en crise, segundo o establecido no artigo 15.e) da orde de convocatoria.

e) Autoriza a obtención dos certificados establecidos na base quinta do anexo I da orde de convocatoria, de acreditación de estar ao día do cumprimento das obrigas tributarias, estatais e autonómicas, e coa Seguridade Social. No caso de denegación expresa do consentimento, deberá achegar as devanditas certificacións.

Non autoriza a obtención de datos tributarios -estatais e da Comunidade Autónoma- e da Seguridade Social.

CVE-DOG: swi5ggv6-ksa6-33r7-mz18-uqoqn18djb5



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE TRABALLO
E BENESTAR

ANEXO I-A
(Continuación)

Autorizo a Consellería de Traballo e Benestar, de conformidade co artigo 2 do Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e coa Orde da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 7 de xullo de 2009 que o desenvolve, para a consulta dos datos de identidade do solicitante no sistema de verificación de datos de identidade do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas.

SI NON (Neste caso achegarase a documentación correspondente)

De conformidade co artigo 13.4 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia, a Consellería de Traballo e Benestar publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas ao abeiro desta orde. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, se poidan impoñer nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a referida publicidade.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA (INDÍQUESE CUN X A QUE SE PRESENTA)

- DNI ou NIE da persoa solicitante ou da persoa representante da entidade, no caso de non prestar autorización (base 5ª).
- Se a persoa solicitante é persoa xurídica, poder suficiente da persoa representante para actuar en nome da entidade e NIF da empresa (base 5ª).
- Declaración do cadro de persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia, no modelo ANEXO I-B; de solicitarse subvención pola contratación indefinida inicial de máis dunha persoa traballadora con diferentes meses de inicio da relación laboral, presentaranse tantas declaracións do cadro de persoal como corresponda (base 5ª).
